



## Memoria da Presidencia

Santiago Villanueva Álvarez, na súa calidade de Presidente do Consortio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, mediante o presente documento e dando cumprimento ao disposto polo artigo 168.1.a) do Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, artigo 18.1.a) do Regulamento que desenvolve parcialmente ese Texto, aprobado polo Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e en relación co disposto polo artigo 14.4 dos Estatutos deste Consortio, aprobados polo Decreto 258/2002, do 30 de xullo (con modificado por mor do Decretos 151/2006, do 31 de agosto e 62/2009 do 12 de marzo), formulo a presente Memoria explicativa do contido do Orzamento deste Consortio para o exercicio de 2012 e das principais modificacións que presenta respecto ao aprobado para 2011.

### Consideracións previas e marco económico:

O Orzamento que se propón para a súa aprobación polo Pleno constitúe o décimo documento orzamentario do Consortio dando conta da continuidade e consolidación da actuación e servizo que este Consortio presta e, desde un dobre punto de vista, reproducido desta memoria de 2010:

- ✓ *Por unha banda e como xa reflectía o Orzamento dos tres anteriores exercicios, aparecen recollidos a totalidade dos parques (e subsede) comarcais que os Estatutos aprobados no segundo semestre de 2002, establecían para esta Entidade e, ao contrario do exercicio de 2009, non se recolle porque novo ningún.*
- ✓ *Por outra banda (e tamén ao contrario do exercicio de 2009), a totalidade dos investimentos previstos, áchase financiada polos recursos tributarios do Consortio (Contribucións especiais), sen apelación a achegas das dúas entidades consorciadas e, en calquera caso, tamén a totalidade dos investimentos reflectidos, áchase dirixidos aos parques e subsede comarcais.*

Pero hoxe, débese facer especial fincapé ao marco económico que ocupa a sociedade en xeral e, as Administracións públicas en particular que, tanto na súa calidade de prestadoras de servizos aos cidadáns como entidades de administración dos recursos públicos, deben, nestes especiais momentos de crise económica, non unicamente rendibilizar, ao máximo, os ingresos, senón, ao tempo, recortar todo aquel gasto non imprescindible ou de posible aprazamento, sen que iso vaia supoñer de cara á prestación do servizo, mingua ou diminución nin da propia prestación nin da calidade desta.

Nestes momentos debemos atender, como se ven facendo, aos principios rectores do gasto, xa que logo a propia **Constitución**, no seu art. 31.2 deixa claramente establecido que *O gasto público realizará unha **asignación equitativa dos recursos públicos** e a súa **programación e execución responderán aos criterios de eficiencia e economía***. Criterios que, á súa vez, desenvolve o Ordenamento xurídico e baste lembrar o art. 6 do Texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria:

- 1. As políticas de gastos públicos deben establecerse **tendo en conta a situación económica** e o cumprimento do **obxectivo de estabilidade presupostaria** e executaranse mediante unha xestión dos recursos públicos orientada pola **eficacia, a eficiencia e a calidade**.*
- 2. As disposicións legais e regulamentarias, na súa fase de elaboración e aprobación, os actos administrativos, os contratos e os convenios de colaboración e calquera outra actuación dos suxeitos a que se refire o art.º 2 da presente Lei que afecte aos gastos públicos, **deberán valorar as súas repercusións e efectos, e supeditarse de forma estrita ao cumprimento das esixencias do principio de estabilidade presupostaria**.*

Inevitablemente, a situación e marco económico actual ten unha influencia esencial no proxecto do Orzamento de 2012, repercutindo fondamente no que respecta aos ingresos e, consecuentemente, aos gastos, víndose diminuído no seu conxunto, precisamente, polo decremento na previsión dos primeiros, o que obriga á rendibilizar os recursos ao máximo, atendendo tanto aos criterios constitucionais de eficiencia e economía, como tamén, orientando o gasto de cara a obtención da



máxima calidade do servizo dentro da difícil situación económica e, cumprindo estrictamente, ao mesmo tempo, o principio de estabilidade presupostaría para, finalmente, asignar os recursos dos que se dispón de forma equitativa o que obriga a atender, en primeiro lugar, aos compromisos adquiridos que deben asegurar a dita calidade na prestación do servizo.

Tamén faise preciso lembrar, que no momento da elaboración do proxecto do Orzamento de 2012 deste Consorcio, non existen, nin proxecto de Lei de Orzamentos do Estado aprobado para 2012 nin documento ningún de prórroga do vixente, polo que non se realizan alteracións que por mor da aplicación da leis de Orzamentos do Estado son de directa aplicación a todas as Administracións públicas.

Sobre a base das anteriores consideracións e xunto coa colaboración e suxestións realizadas pola Xerencia nas funcións que a estes efectos lle atribúe o artigo 16.2.b) dos Estatutos, a continuación se desenvolven, respecto ós Estados de Gastos e Ingresos, capítulo por capítulo, as novidades introducidas e as xustificacións ó respecto, finalizando esta Memoria cunha conclusión de resume do exposto.

#### **Estado de Gastos:**

O **Capítulo I**, mantense en idénticas contías e aplicacións que o vixente Orzamento de 2011.

Respecto do **Capítulo II**, reflicte unha continuidade resultante do sinalado nas Consideracións previas quedando as modificacións máis substanciais nos elementos seguintes que fan referencia ao gasto corrente dos parques comarcais:

- a. A aplicación de "Aluguer comunicacións parques" que en 2011 ascendía a 146.266,80€, desaparece en 2012 (este gasto corrente o asumía o Consorcio polas achegas das contribucións especiais).
- b. O gasto que comportan os contratos das concesións en 2011, ascendían á cantidade de 6.985.214,85€, en tanto que no proxecto para 2012 ascenden a 7.252.287,32€, esta diferenza (**282.372,50€**) responde ao cálculo do incremento na porcentaxe do 4% (IPC) sobre os prezos reais de 2011 (no Orzamento de 2011, recolleuse un incremento do IPC, inferior ao realmente producido xa que logo realizouse sobre a base do índice publicado en setembro – que acadou o 2,1%- sendo que finalmente, o que resultou para se aplicar, ascendeu ao 3%).

Por lo que toca ao **Capítulo III**, non experimenta variación respecto a 2011.

En relación co **Capítulo IV**, queda, como tamén no 2011 e precedentes, sen previsión inicial ningunha, toda vez que o Consorcio no prevé realizar as obrigas inherentes ás transferencias correntes

O **Capítulo VI** é o capítulo do estado de gastos que experimenta a modificación máis substancial, xa que logo, vese diminuído respecto a 2011 na cantidade de 811.155,69€ por mor das xustificacións indicadas, tanto nas Consideracións previas como nas que figurarán nesta Memoria respecto ao que atinxe aos Capítulos III e IV do Estado de Ingresos. En calquera caso, aparecen reflectidos dous tipos de obrigacións por investimentos:

- Investimentos para os parques comarcais de bombeiros: recolléndose, por unha banda, a aplicación crediticia –en idéntica contía que en 2011– co obxecto de afrontar as obrigas derivadas de reposición de material caducado nos parques e, por outra banda, ábrese dúas aplicacións de cara á posibilidade de afrontar obras necesarias nos parques e adquirir vehículos para os mandos sempre, nestes dous últimos casos, que fora posible o financiamento, logo da correspondente modificación de créditos ben acudindo ao Remanente de Tesourería para Gastos Xerais ben pola efectiva recadación de maiores ingresos dos inicialmente previstos.



- Investimentos de cara á Administración xeral: que reflicte as necesidades que como continuación dos investimentos iniciados en 2010 leva aparelada á reforma do edificio sede administrativa do Consorcio.

No que afecta ós **Capítulos VII, VIII e IX** non experimentan variación respecto dos exercicios de 2011 e precedentes, non recolléndose, consecuentemente, consignación ningunha naqueles.

#### Estado de ingresos:

Os **Capítulos I e II**, carecen de previsión e modificación respecto a exercicios anteriores.

O **Capítulo III** presenta a variación máis significativa no Estado de Ingresos, toda vez que experimenta unha importante diminución tanto respecto do exercicio de 2011 como de precedentes. Isto ven motivado pola denuncia do convenio por parte de Unespa, sen que exista, no momento da elaboración do Proxecto de Orzamento para 2012 proposta dun novo, polo que, considerando a situación económica e base sobre a que se sustenta a contribución especial, como previsión de ingresos, inclúese a metade da contía efectivamente recadada en 2011, sen prexuízo, do que poida resultar logo da proposta que dita Xestora presente.

Respecto ao **Capítulo IV**, aínda que reflicte idéntica contía que en 2011, isto non deixa de supoñer unha novidade respecto do presente exercicio e dos anteriores, toda vez que o gasto corrente do Consorcio vese incrementado polo que, correlativamente, e por aplicación do art. 23 dos estatutos do Consorcio, tamén tería que verse incrementado este capítulo de ingresos. Nembargante, tanto derivado dos recortes sufridos nas Administracións públicas consorciadas como polo marco económico ao que se fixo mención nas Consideracións previas desta Memoria, supón que, ao cabo, as dúas Entidades que forman este Consorcio achegarán para 2012 e pese ao sinalado incremento, as mesmas cantidades que no presente exercicio de 2011.

En canto ás previsións incluídas nos **Capítulo V** non experimentan variación ningunha respecto ás de 2011.

No que respecta ao **Capítulo VI**, non experimenta variación ningunha tendo en conta que non se prevé venta de patrimonio desta Administración, polo que lóxicamente, a previsión de ingreso é de 0,00 €, coma a dos exercicios precedentes

No que atinxe ás transferencias de capital recollidas no **Capítulo VII**, tampouco ten variación respecto ás previsións de 2011.

Por último, os **Capítulos VIII e IX**, ao igual que nos Orzamentos precedentes, non reflicte previsión de ingreso ningunha.

#### Conclusión:

O Orzamento que se propón para a súa aprobación, reflicte a continuidade no mantemento do servizo que este Consorcio presta á sociedade dentro da difícil situación de crise económica actual e baixo tres elementos:

- O mantemento, en idéntica contía que en 2011, das transferencias do Capítulo IV do estado de ingresos, que corresponden ás achegas das Administracións consorciadas para afrontar o gasto corrente.
- A diminución das previsións dos ingresos do Capítulo III no que atinxe as contribucións especiais.



- O incremento que experimenta o Capítulo II do estado de gastos.

Eses tres elementos repercuten directa e especialmente no Capítulo VI do estado de gastos xa que logo, enténdese que non poden afrontarse novos investimentos se non hai recursos suficientes, polo que estase na obriga de rendibilizar dos que se dispón atendendo, en primeiro lugar, ás necesidades e compromisos, é por iso, esa austeridade non afecta ás obrigas previamente adquiridas polo Consorcio, de forma que a prestación do servizo e, concretamente, canto afecta aos contratos das concesionarias, áchanse cubertos na súa totalidade, e polo tanto, o servizo público obxecto deste Consorcio, non vai sufrir deterioro nin na asignación dos recursos nin na calidade da súa prestación que queda, en todo caso, absolutamente asegurada, como se desprende das asignacións económicas ás aplicacións que, de cara aos parques comarcais, reflicte o capítulo II do estado de gastos.

A presente Memoria, xúntase co resto da documentación elaborada, ao Proxecto de Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2012, a fin de que, completado en legal forma o contido do expediente, poida examinarse polo Pleno da Entidade, quen, como órgano competente, realizará as actuacións de aprobación, emenda ou devolución, e para o que se somete ó seu fundado criterio.

Carballo, 19 de outubro de 2010.

**O presidente,**

Asdo.: Santiago Villanueva Alvarez

